



O STEG APOIA AS MOBILIZACIÓNS QUE O COLECTIVO DE PROFESORADO INTERINO ESTÁ A LEVAR ADIANTE POR TODO O ESTADO

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Dende o STEG queremos expresar o noso apoio ao colectivo de profesorado interino, ameazado por unha transitoria-trampa que suporá un ERE masivo. Reiteramos o noso compromiso de esixir iguais dereitos para igual traballo, reclamando unha garantía de estabilidade para o profesorado que leva anos traballando e demostrando a súa capacidade e experiencia laboral.

Esiximos a retirada do RD de acceso docente, que na práctica suporá que moitas persoas con anos de experiencia van perder o seu posto de traballo, lembrando a nosa aposta por un modelo de acceso diferenciado, **unha reivindicación que o STEG leva moitos anos defendendo xa, no contexto dunha clara defensa do colectivo en diversos aspectos** (<http://www.steg.gal/ampliar.asp?id=367>; http://www.steg.gal/stegopina/07_08/maternidade_interinas.htm; <http://www.steg.gal/ampliar.asp?id=2594>; <http://www.steg.gal/ampliar.asp?id=3015...>) que garante igualdade de oportunidades entre as prazas de acceso libre e as prazas para persoal interino.

Non podemos esquecer que este problema é consecuencia dos sucesivos anos de recortes que se cebaron co colectivo máis vulnerábel e máis perxudicado pola diminución de postos docentes e o aumento das ratios e dos horarios.

Entendemos, non obstante, o desencanto que existe dentro de persoas pertencentes a este colectivo respecto ás organizacións sindicais ao non ver respostas claras ás súas demandas, pero queremos lembrar que o STEG historicamente veu defendendo claramente a opción que xulga a máis axeitada para este colectivo. Tamén, que o STEG é un sindicato asembleario, e que calquera persoa afiliada está convidada a participar nos nosos órganos de goberno e expoñer o seu punto de vista e as súas reivindicacións, polo que animamos a calquera persoa que queira ver as súas demandas escoitadas a que participe abertamente na nosa toma de decisións.

É momento de sumar, non de dividir, polo que o STEG apoiará as mobilizacións que o colectivo de profesorado interino e substituto leve a cabo tanto a nivel estatal coma en Galiza.

Dende o STEG nunca nos cansaremos de berrar NON Á LOMCE!

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG

10 de abril de 2018